

XACEMENTOS ROMANOS NO CONCELLO DE VILALBA (LUGO). A SÚA RELACIÓN CO ENTORNO XEOGRÁFICO

Por Eduardo RAMIL REGO

Departamento de Historia I
Universidade de Santiago de Compostela

Á memoria de Don José Vidal.

Abstract: A series of Roman sites which exist in the municipality of Vilalba (Lugo/Spain) are studied, paying special attention to their type of settlement and to the possible relations the may have with their geographical emplacement and with the fortified sites of the previous age.

Key-words: Roman sites, Nordwest of Spain, Sttements, Geographical relations.

1. INTRODUCCIÓN

O presente traballo ten como obxectivo o análise do emprazamento dos xacementos romanos no Concello de Vilalba, analizando as relacións que estes podan ter co entorno xeográfico. Con este fin, e como punto de partida previa á análise dos xacementos, fixemos un estudio polo miúdo sobre o medio físico do Concello de Vilalba, prestando especial atención a aqueles aspectos que tradicionalmente se teñen relacionado cos xacementos (Ramil Rego, E.; 1997). A tal efecto deseñáronse unha serie de mapas que reflicten estas características do entorno, para, deste xeito, amosar dun modo visual a situación dos distintos xacementos e os seus vencellos coas diferentes particularidades do espacio xeográfico (Ramil Rego, E.; 2000).

Para non colidir coa lexislación patrimonial de Galicia, non puxémo-lo pe en xacemento algún, e se nos atopabamos preto deles, preguntando ós veciños pola súa situación, nin nos achegamos a eles, nin lles facíamos fotos, e por suposto mirabamos cara ó outro lado, preferiblemente cara ó chan para non bater de fociños. Deste xeito nosa actual prospección pódese considerar como unha enquisa antropolóxica.

A bibliografía que versa sobre os xacementos romanos do Concello de Vilalba é moi escasa. As primeiras noticias datan de 1975 cando se edita unha guía arqueolóxica de Lugo e a súa provincia (Abel Vilela, A.; Arias Vilas, F.; 1975) na que soamente se reflicten os xacementos de Quintá e o Castelo de Samarugo. Sinalan a condición de vila romana de Quintá, cando, segundo a toponimia e os datos dos que asistiron á súa destrucción falan dun xacemento en forma tumular cuberto de

tegula, esta circunstancia foi corroborada polo Director do Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, a quen avisou a mestra do lugar unha vez acometida a desfeita, pese a todo conseguiron recuperar e entregar algúns materias no Museo Provincial de Lugo. Mentres o Castelo de Samarugo, pequeno penedo onde se asenta un xacemento altomedieval, non debería ser incluído nunha obra desas características. Posteriormente cando a Sección de Prehistoria e Arqueoloxía do Instituto «Padre Sarmiento» de Estudos Galegos publica a obra «Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia. Estado da cuestión e perspectivas», aparecen citados os mesmos xacementos (AA.VV., 1979).

Anos máis tarde asistimos á publicación dun artigo de Don José Vidal Rodríguez, afeccionado vilabés á arqueoloxía, incansable «pateador» que da a coñecer a maior parte dos xacementos romanos hoxe coñecidos en Vilalba, a parquedade das información vertidas nas anteriores publicacións contrasta cos valiosos e abondosos datos que nos ofrece Vidal: situación aproximada dos xacementos e relación dos restos recuperados (1987-88).

2. MARCO XEOGRÁFICO

O Concello de Vilalba ocupa unha extensión de 381 Km² -o segundo en superficie de Galicia- que corresponde ó 1,34% do total da extensión do noso país. Está representado nas follas nºs 23, 47 e 72 do Mapa Topográfico Nacional do Instituto Geográfico Catastral, a escala 1:50.000. Encádrase entre as latitudes de 43° 27' 05» e 43° 11' 21» Lat. N. e as lonxitudes de 7° 48' 55» e 7° 30' 49» Log. W., datos referendados ó meridiano de Greenwich. Posúe unhas dimensións máximas de 31,100 Km en dirección norte-sur e de 27,250 Km en dirección oeste-leste. Atópase ó norte da Meseta de Lugo, nos límites setentrionais de «A Terra Cha». A maior parte do seu territorio corresponde ás zonas marxinais desta chaira interior.

Para estudia-la **xeoloxía** optamos por unha síntese confeccionada a partires das follas nºs 23, 47 e 72 da cartografía a escala 1:50.000 do Instituto Geológico y Minero de España. Baseándonos nela consideramos nove grandes grupos de formacións: Serie de Vilalba, ocupa a maior parte da extensión do concello, é un conxunto sedimentario que presenta xistos, micaxistos, gneises e anfibolitas de gran fino, Cuarcita de Candana, Xistos, Cuarcitas de Cruciana, Serie de Luarca, Ampelitas e Xistos Grafitosos, Depósitos Cuaternarios, Metabasitas, e Granitos e Granodioritas.

No referente á **xeomorfoloxía** establecemos tres áreas baseándonos nas características litolóxicas e morfolóxicas: A-1. Morfoloxía moi variada, formas con fortes pendentes e cimas planas, vales moi pechados e grandes recubrimentos arxiláceos. A-2. O seu substrato está constituído por granodioritas e granitos. A súa morfoloxía vai desde cha a montañosa, predominando as formas redondeadas e con bolos de gran tamaño. A-3. Comprende a depresión central. Está constituída por sedimentos de tipo arxiláceos. A súa morfoloxía é sensiblemente chan, si ben apreciase unha lixeira inclinación cara ás redes de drenaxe.

En canto ó **relevo** Vilalba caracterízase por constituír unha grande chaira alombada cuxa altitude oscila entre os 400 e os 500 metros sobre o nivel do mar. Como se pode apreciar no mapa hipsométrico a chaira predomina cun 70,28%, fronte a outras formas de relevo. Nela aparecen de modo puntual uns macizos de lixeira elevación -sen chegar ós 600 metros- en Bidueiros (Goiriz), Boizán e Román. No oeste prodúcese unha subida sobre a cota de 500 metros nas parroquias de Codesido, Belesar e Soaxe; as altitudes comprendidas entre os 500 e os 600 metros corresponden a un 16,66%. Ó Norte faise presente un macizo montañoso que chega a superar os 900 metros, forma parte da Serra da Carba, aquí se atopa o punto máis elevado do concello con 926 metros -O Monseivane-, estas cotas superiores a 900 metros representan uns valores ínfimos respecto á superficie total (0,55%).

A gran variedade de **solos** que compoñen o mosaico municipal, e a imposibilidade material de determinar o tipo de solo sobre o que se asentan os diferentes xacementos, nos decidiunos por dividir a Vilalba en tres grandes zonas edáficas, seguindo a tipificación utilizada pola FAO: 1.- Solos Podzolizados e Podzol; 2.- Cambisol Húmico e Ranker distríco; 3.- Cambisol Gleyco e Gleysol. Polo que se refire á profundidade dos solos, a maioría deles teñen unha profundidade superior ós 50 cm, nas áreas da serra ou nos outeiros esta profundidade descende.

As **terras de labor** ocupan un 18,74% do territorio municipal, forman un mosaico entre os prados e pasteiros (16,8%) e as formacións boscosas (62%). A miúdo dentro do sistema de rotación e descansos, os prados alternan coas terras de cultivo. Xeralmente vense localizadas nas zonas húmidas e nas proximidades ós cursos de auga: veigas e chaira. Aínda que se están abandonando paulatinamente, a superficie maioritaria de terras de labor está dedicada a cultivos encamiñados á procura do autoconsumo. Autoconsumo asociado a una explotación de cereais e pataca co fin de acadar excedentes para ser introducidos no mercado, co paso do tempo o policultivo vaise reducindo e nótase unha progresiva orientación cara ó cultivo predominante da pataca. O desenrolo da alternancia máis común consiste en vota-las patacas en primavera, en outono séguese co trigo ou alcacer (cereais que se segan verdes para forraxe), nabos ou prado cunha alternancia de tres ou cinco anos. Existen pequenas superficies dedicadas a verza e remolacha forraxeira. Está destinada, a remolacha, para o consumo animal e a col para o consumo humano e animal. Nas proximidades dos lugares existen unhas pequenas parcelas destinadas a cultivos hortícolas e froiteiros, encamiñados ó consumo familiar e cando se producen excedentes son vendidos nas Feiras, Feirós e Mercados de Vilalba.

Polo que se refire á **capacidade productiva para cultivos**, resulta curioso que nunha zona eminentemente agrícola con terras moi ricas e productivas que tan só presentan unha leve limitación para os cultivos debido ó índice de xeadas e acidez do solo, as terras aptas só supoñan o 35,4% da superficie, e cando o relacionamos coa extensión dos labrados (18,74%) e prados (16,8%) amósase, certamente, asombroso, máxime si o 62,6 % da poboación empregase no sector primario, e existen preto de 3.500 explotacións agrarias e 50.000 parcelas. Pero si temos en

conta a orientación con que se elaboran os mapas de capacidade productiva dos solos a cuestión tórnase máis clara, considérase a aptitude das terras en función á mecanización, métodos de cultivo e rendibilidade actuais, estes mapas tentan servir de base para defini-las distintas alternativas de uso da terra. Pensamos que relaciona-la vexetación actual, os cultivos existentes e a capacidade productiva para cultivos coa presenza de calquera tipo de xacemento arqueolóxico, non parece ter moita base racional, pois as técnicas, aproveitamento de solos, e cultivos empregados na antigüidade eran moi distintas ás actuais. Dentro de territorio que nos está a ocupar, reflíctese unha preponderancia das terras marxinalmente aptas (40,1%), seguidas das consideradas aptas (35,4%) e das non aptas (24,4%). Nembargantes unha boa parte da superficie de terras non aptas foron explotadas cerealísticamente hasta fai uns vintecinco anos en réxime de rotación extensiva, roza.

3. CATÁLOGO DE XACEMENTOS

3.1. VILARAGONTE

- SITUACIÓN. Lugar: Vilaragonte-Golariz. Parroquia: Costa. Coordenadas U.T.M.: X: 611.450. Y: 4.805.300. Cartografía: (Esc.: 1: 10.000), 23-3-3.
- EMPRAZAMENTO. Características: Lomba amesetada, con unha leve caída cara ó leste. Altitude: 543. Pendente FAO: 1/2. Fisiografía do relevo: Comezo de penechaira que constitúe un chanzo entre a chaira e a serra.
- XEOLOXÍA. Substrato: Serie de Vilalba. Afloramentos: Xisto a 1.500 m ó leste. Xeomorfoloxía: Área 2. Solo: Solos Podsolizados e Podsol.
- VEXETACIÓN. Do xacemento: Terras de labor. Do entorno: Terras de labor, carballeiras, soutos e piñeirais. Capacidade productiva: Terras non aptas, pero mellorables.
- ACHADOS. Fragmentos de tegula.
- RELACIÓN CON OUTROS XACEMENTOS. A 700 m ó NE atópase o Castro de Vilamaior.
- BIBLIOGRAFÍA: Ramil Rego, E., 2000.

3.2. TRASTEMIL-BRANDOMIL

- SITUACIÓN. Lugar: Castro. Parroquia: Santaballa. Coordenadas U.T.M.: X: 603.900. Y: 4798.000. Cartografía: (Esc.: 1: 10.000), 47-1-2.
- EMPRAZAMENTO. Características: O xacemento localízase nunha leve concavidade cara á rede de drenaxe que configura a suave ladeira onde se asenta. Altitude: 430. Pendente FAO: 1. Fisiografía do relevo: Relevo subhorizontal.
- XEOLOXÍA. Substrato: Serie de Vilalba. Afloramentos: Cuarcitas a 2 Km ó norte. Xeomorfoloxía: Área 3. Solo: Cambisol Gleyco e Gleysol.
- VEXETACIÓN. Do xacemento: Terras de labor. Do entorno: Terras de labor e prados. Capacidade productiva: Terras aptas, con limitacións medias.

- ACHADOS. Muíños circulares, cerámica fina vermella, fragmento de *tegula*, e un fuste de columna de granito.
- RELACIÓN CON OUTROS XACEMENTOS. A 100 m ó NW encontrábase o Castro de Santaballa.
- BIBLIOGRAFÍA: Ramil Rego, E., 2000; Vidal Rodríguez, J., 1987-88.

3.3. VILAR DE EIMIL

- SITUACIÓN. Lugar: Castro. Parroquia: Gondaisque. Coordenadas U.T.M.: X: 602.100. Y: 4.793.800. Cartografía: (Esc.: 1: 10.000), 47-2-2.
- EMPRAZAMENTO. Características: O xacemento sitúase nunha extensa penechaira, Alto de Boizán, cunha morfloxía eminentemente cha. Altitude: 495. Pendente FAO: 1. Fisiografía do relevo: Releve subhorizontal.
- XEOLOXÍA. Substrato: Serie de Vilalba. Afloramentos: Graníticos a 150 m ó sur. Xeomorfoloxía: Área 1. Solo: Cambisol húmico e Ránker distrito.
- VEXETACIÓN. Do xacemento: Terras de labor. Do entorno: Terras de labor e prados. Capacidade productiva: Terras aptas, con limitacións medias.
- ACHADOS. Escouras metálicas, fragmentos cerámicos, fragmentos de *tegula* e ladrillos con entalles. Estes poden ser relacionados cun hipocausto, pois eran os normalmente empregados para construír bóvedas ocas.
- RELACIÓN CON OUTROS XACEMENTOS. A 400 m ó nordeste atópase o castro de Gondaisque e a 1.000 m ó sureste o xacemento romano de Marco.
- BIBLIOGRAFÍA: Ramil Rego, E., 2000; Vidal Rodríguez, J., 1987-88.

3.4. MARCO

- SITUACIÓN. Lugar: Marco. Parroquia: Boizán. Coordenadas U.T.M.: X: 602.950. Y: 4.793.100. Cartografía: (Esc.: 1: 10.000), 47-2-2.
- EMPRAZAMENTO. Características: Área moi cha dentro da penechaira que constitúe o Alto de Boizán. Altitude: 528. Pendente FAO: 1. Fisiografía do relevo: Releve subhorizontal.
- XEOLOXÍA. Substrato: Granitos e granodioritas. Afloramentos: Graníticas no entorno inmediato. Xeomorfoloxía: Área 3. Solo: Cambisol húmico e Ránker distrito.
- VEXETACIÓN. Do xacemento: Terras de labor. Do entorno: Terras de labor e prados. Capacidade productiva: Terras aptas, con limitacións medias.
- ACHADOS. Pezas de muíños circulares, fragmentos de *tegula* e cerámica.
- RELACIÓN CON OUTROS XACEMENTOS. A 700 m ó nordeste atópase o Castro de Gondaisque, e a 1000 m ó noroeste o xacemento de Vilar de Eimil.
- BIBLIOGRAFÍA: Ramil Rego, E., 2000; Vidal Rodríguez, J., 1987-88.

3.5. VILAMARTÍN

- SITUACIÓN. Lugar: Vilamartín. Parroquia: Rioaveso. Coordenadas U.T.M.: X: 613.550. Y: 4.793.360. Cartografía: (Esc.: 1: 10.000), 47-2-4.
- EMPRAZAMENTO. Características: Atópase a media ladeira, incluído dentro dunha concavidade que protexe contra as inclemencias climatolóxicas. Altitude:

440. Pendente FAO: 2. Fisiografía do relevo: Comezo de cambio de vertente. Ladeira suave con leve caída cara ás redes de drenaxe.

- XEOLOXÍA. Substrato: Serie de Vilalba. Afloramentos: Graníticos no entorno inmediato. Xeomorfoloxía: Área 3. Solo: Cambisol Gleyco e Gleysol.
- VEXETACIÓN. Do xacemento: Terras de labor e prados. Do entorno: Terras de labor e prados. Capacidade productiva: Terras non aptas, pero mellorables.
- ACHADOS. Cerámica e un epígrafe votivo dedicado a Mercurio, por confusión do autor que a deu a coñecer lugar do seu achado situouse no Castro de Oleiros.
- RELACIÓN CON OUTROS XACEMENTOS. A 600 m ó ESE atópase o xacemento de Medorra de Quintá, e a 900 ó SE o Castro de Rioaveso.
- BIBLIOGRAFÍA: Ramil Rego, E., 2000; Vidal Rodríguez, J., 1987-88.

3.6. MEDORRA DE QUINTÁ

- SITUACIÓN. Lugar: Quinta. Parroquia: Rioaveso. Coordenadas U.T.M.: X: 614.180. Y: 4.793.170. Cartografía: (Esc.: 1: 10.000), 47-2-4.
- EMPRAZAMENTO. Características: Ladeira suave próxima a unha inflexión do terreo. Está ó pe dun Camiño Real. Altitude: 455. Pendente FAO: 1. Fisiografía do relevo: Releve subhorizontal.
- XEOLOXÍA. Substrato: Serie de Vilalba. Afloramentos: Graníticos no entorno inmediato. Xeomorfoloxía: Área 3. Solo: Cambisol Gleyco e Gleysol.
- VEXETACIÓN. Do xacemento: Terras de labor e prados. Do entorno: Terras de labor e prados. Capacidade productiva: Terras non aptas, pero mellorables.
- ACHADOS. Cando se destruíu o túmulo que configuraba o xacemento a parte interior presentaba paramentos con reboque brancos, tiña unha serie de canaletas de auga e nas paredes estaban incluídos dous epígrafes. O abundante material que se recuperou (vasillas cerámicas e tegula) foi esnaquizado e utilizada como firme dun camiño próximo. Se conservan dous epígrafes no Museo de Lugo.
- RELACIÓN CON OUTROS XACEMENTOS. A 700 m ó SE atópase o Castro de Rioaveso, e a 900 ó NW o xacemento de Vilamartín.
- BIBLIOGRAFÍA: Ramil Rego, E., 2000.

3.7. VILAR DE PAZOS

- SITUACIÓN. Lugar: Pazos. Parroquia: Alba. Coordenadas U.T.M.: X: 602.300. Y: 4.791.720. Cartografía: (Esc.: 1: 10.000), 47-2-2.
- EMPRAZAMENTO. Características: O xacemento atópase nunha ladeira próxima a chaira aluvial do Rego Labrada. Altitude: 430. Pendente FAO: 2/3. Fisiografía do relevo: Media ladeira.
- XEOLOXÍA. Substrato: Granitos e granodioritas. Afloramentos: Graníticos no entorno inmediato. Xeomorfoloxía: Área 3. Solo: Cambisol húmico e Ránker distrito.

- VEXETACIÓN. Do xacemento: Terras de labor. Do entorno: Terras de labor e prados. Capacidade productiva: Terras aptas, con limitacións medias en transición a terras non aptas, pero mellorables.
- ACHADOS. Un sartego de granito, muíños circulares, ladrillos, *tegula* e fragmentos de fuste de columnas de granito.
- RELACIÓN CON OUTROS XACEMENTOS. A 900 e 1.300 m ó noroeste, respectivamente, atópanse os castros de Outeiro e Os Penedos.
- BIBLIOGRAFÍA: Ramil Rego, E., 2000; Vidal Rodríguez, J., 1987-88.

3.8. VILAR DE LOURIXE

- SITUACIÓN. Lugar: Lourixe. Parroquia: Ladra. Coordenadas U.T.M.: X: 606.750. Y: 4.789.390. Cartografía: (Esc.: 1: 10.000), 47-3-3.
- EMPRAZAMENTO. Características: O xacemento emprázase nun lugar que presenta unha topografía abrupta, ó sur está delimitado por un pequeno ribazo a modo de esporón, e cara ó oeste o modelado se torna máis abrupto pola presenza do álveo dun regato. Altitude: 422. Pendente FAO: 2/3. Fisiografía do relevo: Relevo subhorizontal, contiguo a unha pequena elevación.
- XEOLOXÍA. Substrato: Serie de Vilalba. Afloramentos: Xistos a 1.500 m ó sur. Xeomorfoloxía: Área 3. Solo: Cambisol Gleyco e Gleysol.
- VEXETACIÓN. Do xacemento: Terras de labor. Do entorno: Terras de labor e prados. Capacidade productiva: Terras marxinalmente aptas.
- ACHADOS. Fragmentos de *tegula* e muros ó descuberto.
- RELACIÓN CON OUTROS XACEMENTOS. A 100 m ó sur atópase o Castro de Ladra.
- BIBLIOGRAFÍA: Ramil Rego, E., 2000; Vidal Rodríguez, J., 1987-88.

3.9. VILAR DAS COCIÑAS

- SITUACIÓN. Lugar: Saá. Parroquia: Insua. Coordenadas U.T.M.: X: 603.650. Y: 4.787.880. Cartografía: (Esc.: 1: 10.000), 47-3-2.
- EMPRAZAMENTO. Características: Comezo dunha ladeira, moi próximo ó álveo do Labrada. Altitude: 435. Pendente FAO: 2. Fisiografía do relevo: Relevo inclinado, aba suave.
- XEOLOXÍA. Substrato: Serie de Vilalba. Afloramentos: Xistos a 1.000 m ó norte. Xeomorfoloxía: Área 3. Solo: Cambisol Gleyco e Gleysol.
- VEXETACIÓN. Do xacemento: Terras de labor e prados. Do entorno: Terras de labor e prados. Capacidade productiva: Terras marxinalmente aptas.
- ACHADOS. Ladrillos, fragmentos de *tegula*, muíños circulares e obxectos metálicos.
- RELACIÓN CON OUTROS XACEMENTOS. A 1.200 m ó norte atópase o Castro de Torre, e a 1.000, tamén o norte, o Castelo de San Colás.
- BIBLIOGRAFÍA: Ramil Rego, E., 2000.

4. XACEMENTOS E MARCO XEOGRÁFICO

Dentro do Concello de Vilalba nos atopamos con 9 xacementos romanos, dende o punto de vista **xeolóxico** se sitúan maioritariamente, sete, sobre o zócalo da Serie de Vilalba, e dous en zonas de granitos e granodioritas, aínda que en transición á Serie de Vilalba. Non resulta significativa tal distribución si consideramos que a Serie de Vilalba ocupa o 58% da superficie municipal. No referente ás **áreas xeomorfolóxicas**, existe unha dominancia das áreas de chaira, con sedimentos barrentos, que a parte de se-la superficie maioritaria no noso territorio (64,8%), é a máis apta para o aproveitamento intensivo da terra, soamente un xacemento se atopa fora da área 3, Vilaragonte que se empraza na Área 2. A paridade entre as ámbalas dúas curvas non amosa ningún emprazamento preferencial, os xacementos están máis presentes na área que ocupa máis superficie. Respecto á **altitude**, a maioría dos xacementos sitúanse en zonas baixas, maioritariamente en torno ós 400 m, existindo dous na franxa dos 500 m e próximo ós 600. Cabe salientar que a parte de Chaira (400-500 m) ocupa o 72,3%, seguíndolle a banda de 500-600 m con 16%, tódolos xacementos romanos están englobados destes dous transeptos. Si atendemos ás **pendentes**, observamos unha clara dominancia das pendentes baixas, máis baixas incluso que nos xacementos castrexos. Fixándonos no tipo de **solos**, vemos como cinco xacementos se localizan sobre o grupo formado por Cambisol Gleyco e Gleysol que ocupa o 53,2%, un sobre Solos podzolizados e Podzol que se desenrolan sobre o 28% da superficie, e tres sobre Cambisol húmico e Ránker distrito, grupo que está presente nun 18,6%. Polo que atinxe á **capacidade productiva para cultivos**, resulta curioso que tres xacementos se localicen sobre terras aptas, con limitacións medias, cinco sobre terras non aptas, pero mellorables, e un sobre terras non aptas. A maioría dos xacementos están sobre terras marxinalmente aptas, seguidos dos que están en terras aptas, con limitacións medias, e un xacemento está sobre terras non aptas, pero mellorables, en cara sintonía coa presenza relativa destes tipos de solos no Concello de Vilalba.

5. CONCLUSIÓNS

Tendo en conta a distribución de xacementos castrexos e romanos e a súa proximidade, é evidente o seu vencello en tres casos, onde a distancia entre o establecemento rural e o asentamento fortificado non supera os catrocentos metros, trátanse de castos situados en zonas de chaira ou penechaira, con grandes vilares pouco inclinados ó seu redor. Estes castros presentan materias de época romana. Nos outros casos a proximidade entre estes dous tipos de asentamentos pode indicar relacións semellantes, aínda que non son tan evidentes, e coa falta de elementos con carácter cronolóxico, non podemos ser taxativos nesta afirmación (Ramil Rego, E.; 2000).

Cando analizabamos as posibles relacións entre solos, áreas xeomorfolóxicas, altitudes e xeoloxía, non observamos preferencia algunha nos asentamentos por


unha clase ou un tipo especial destes elementos, a maioría están situados nos elementos maioritariamente presentes no concello.

Algo diferente acontece cando comparamos os mapas de capacidade productiva para cultivos coa distribución de asentamentos. Os xacementos romanos prefiren as terras marxinalmente aptas diante das aptas. Pero en verdade pensamos cos mapas de capacidade productiva para cultivos, ou a propia presenza nun cultivo na actualidade, pouco ou nada teñen que ver co aproveitamento e prácticas agrícolas da antigüidade. A vexetación foi mudando ó longo destes dous mil anos, a vexetación actual, en canto ás súas formacións e distribucións das mesmas non é a mesma ca existente na época de habitación dos asentamentos estudados. As propias áreas de cultivo, tamén foron mudando na súa composición, tamaño e situación.


Realmente a única conclusión importante deste traballo, por outra banda bastante simple, é sinala-la existencia dun grande baleiro nos coñecementos que en Galicia temos sobre estes períodos. Os proxectos de escavación e investigacións foron detidos nos anos noventa cando se estaba apiques de dar un paso cualitativo no coñecemento destas sociedades. A falta de escavacións vencelladas a programas de investigación, os atrancos para proseguir coas investigacións comezadas nos anos oitenta, imposibilitan o avance das pescudas e a plasmación de resultados. Para poder aportar máis datos sería imprescindible acometer un proxecto de investigación que nunha primeira fase se centrara na prospección intensiva con sondaxes estratigráficas nos xacementos, combinada cunha ampla serie de análises polínicos e estratigráficos dos xacementos e do seu entorno, para nunha segunda fase proceder ás escavacións en área. Mentres non se poda facer isto, teremos que contentarnos co estudio dos materiais depositados nos museos e co análise formal dos xacementos e da súa relación co entorno.

BIBLIOGRAFÍA


- AA.VV., (1979): *Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia. Estado de la cuestión e perspectivas*. Instituto «Padre Sarmiento» de Estudos Galegos. Santiago, 111 pp.
- ABEL VILELA, A., de; ARIAS VILAS, F. (1975): *Guía arqueológica romana de Lugo y su provincia*. La Voz de la Verdad, Lugo, 85 pp.
- MORALEJO LASSO, A. (1977): *Toponimia Gallega y Leonesa*. Pico Sacro, Santiago, 382 pp.
- RAMIL REGO, E. (1997): «Megalitismo en el Concello de Vilalba (Lugo): Su relación con el medio natural». En *Actas do Coloquio Internacional O Neolítico Atlántico e as orixes do Megalitismo* (Santiago 1996), pp.: 537-552. Consello da Cultura Galega- Universidade de Santiago. Santiago.
- RAMIL REGO, E. (2000): *Poboamento Castrexo e Romano no Concello de Vilalba. Análise dos emprazamentos e relación co entorno*. Traballo de Investigación do Terceiro Ciclo. Universidade de Santiago. 187 pp.
- VIDAL RODRÍGUEZ, J. (1987/88): «Villas romanas de Terra Chá». En *Revista de Guimarães*, 97/98, pp.: 344-351. Guimarães.




SITUACIÓN DO CONCELLO DE VILALBA




Vilaragonte




Marco




Pazos




Vilar de Trastemil




Vilamartin




Vilar de Lourixe



Vilar de Eimil



Medorra de Quintá



Vilar de as cociñas.

SITUACIÓN DOS XACEMENTOS